



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 1 DE MARZO DE 2024

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 1 de marzo de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 16.02.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 16.02.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN (EXPTE. 2021/U022/000001)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.02.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 01.03.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN (Expte. 2021/U022/000001)

ANTECEDENTES DE FEITO



Os antecedentes de feito que se refiren son reflexo de parte da documentación que consta no expediente electrónico 2021/U022/000001 non é unha relación exhaustiva, atopándose incorporada a documentación completa ao expediente referido na aplicación informática Tedec.

Así do apartado “Información” do expediente electrónico se desprenden os seguintes antecedentes por orde cronolóxica:

1.-Con data 25.01.2021 (rex entrada 202199900000085) D. _____ en representación de D^a _____ solicita licenza de edificación para construción de vivenda unifamiliar aillada no Lugar _____ s/n (ref. catastral _____) achegando documentación técnica ao respecto.

Achégase así mesmo autorización de representación de D^a _____ favor de D. _____ asinada en manuscrito pola outorgante obrando en poder desta Administración copia do seu DNI.

2.- Consta incorporada ao expediente xustificante de abono (327,25 euros) en concepto de taxa licenza urbanística.

3.- Con data 22.03.2021 o arquitecto técnico municipal emite informe técnico concluínte en sentido desfavorable co seguinte contido:

“INFORME SOBRE LICENCIA DE OBRA

DATOS DO EXPEDIENTE

Nº EXPEDIENTE: 2021/U022/000001

EXP. RELACIONADOS:

DATOS SOLICITANTE

TITULAR: D^a

REPRESENTANTE: D^o

DOMICILIO NOTIF:

OBJECTO

SITUACIÓN: LUGAR _____ CEDEIRA, A CORUÑA

REF. CATASTRAL:

SOLICITUDE: Construción de vivenda unifamiliar aislada.

PARÁMETROS URBANÍSTICOS

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG (RLSG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira de 1995 (PXOU).
- Decreto 83/2018, de 26 de Xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico.

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: Solo de núcleo rural.

CALIFICACIÓN URBANÍSTICA : Tradicional

ORDENANZA APLICABLE: NN

CLASIFICACIÓN POL: fora do ámbito do POL (solo de núcleo rural)

ANTECEDENTES

Relativos á tramitación do expediente:

- 02/02/2021: O interesado achega solicitude de Licenza para o construción de vivenda unifamiliar aislada.

Relativos á edificación existente / actuacións previas:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENCIA

NORMATIVA DE APLICACIÓN



- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de Outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU).
- Lei 38/1999, do 5 de Novembro, de Ordenación da Edificación (LOE).
- Decreto 19/2011, do 10 de Febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).
- Decreto 20/2011, do 10 de Febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL).
- Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e Decreto 143/2016, do 22 de Setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG (RLSG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira de 1995 (PXOU).
- Decreto 83/2018, de 26 de Xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico.
- Ordenanza de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP nº 195, 13/10/2014).

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

A documentación presentada que servirá de base para a concesión de licenza é a seguinte:

- Proxecto Básico, de Novembro de 2020, sen visado, redactado polo Arquitecto D^a. David Novo López, colexiado nº 4364 do COAG.

TIPO DE PROXECTO

Básico	X	Básico e Execución	Execución	Fora do ámbito da LOE
	X			

CADRO DE REVISIÓN

MEMORIA		
Memoria descritiva	Axentes *	C
	Información previa *	C
	Descrición do proxecto *	C
	Prestacións do edificio *	C
	Memoria urbanística*	C*
	Memoria da actividade	NP
Memoria construtiva	Sustentación do edificio *	C*
	Sistema estrutural	C
	Sistema envolvente	C
	Sistema de compartimentación	C
	Sistema de acondicionamento e instalacións	C
	Equipamento	C
Cumprimento do CTE	Seguridade estrutural	NC
	Seguridade en caso de incendio / RSCIEI	C
	Seguridade de utilización e accesibilidade	C
	Salubridade	C
	Protección contra o ruído	C
	Aforro de enerxía	C
Cumprimento doutros regulamentos e disposicións	Habitabilidade	C*
	Accesibilidade	NC
	Proxecto ITC	NP
	Disposicións mínimas de seguridade e saúde	NP
Anexos á memoria	Estudio xeotécnico	NC
	Cálculos da estrutura	NC
	Cálculos das instalacións	NC
	Certificación enerxética	NC
	Estudio de impacto / incidencia ambiental	NP



	Plan de control de calidade	NC
	Estudio ou Estudio Básico de Seguridade e Saúde	C
	Estudio de xestión de residuos	NC
PLANOS		
	Plano de situación *	NC
	Plano de emprazamento (cesións) *	C
	Plano urbanístico*	*C
	Plano de urbanización	*C
	Plantas xerais (estado inicial e definitivo) *	C*
	Planos de cubertas (estado inicial e definitivo) *	C
	Alzados e seccións (estado inicial e definitivo) *	C
	Planos de estrutura	NC
	Planos de instalacións	NC
	Planos de definición construtiva	C
	Memorias gráficas	C
	Outros	NC
	PREGO DE CONDICIÓN	C
	MEDICIÓN E ORZAMENTOS	C

C: consta, NC: non consta, NP: non procede

Á vista da documentación presentada, esta resulta incompleta acorde ao artigo 353 do RLSG.

AFECCIÓN SECTORIAIS

Segundo a planimetría do PXOU de Cedeira e do Plan Básico Autonómico, na contorna da parcela, **non aparecen elementos catalogados** incluídos dentro do inventario do Patrimonio Histórico - Artístico do Concello de Cedeira e do Plan Básico Autonómico. Se ben segundo o PBA a parcela aparece dentro dos contornos de protección subsidiarios do Santuario de Santo André (PHA 13), da Fonte (PHA 14) e do Cruceiro (PHA 15), ao tratarse de solo de núcleo rural e aplicar as reducións do artigo 38 da Lei 5/2016, de 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, queda fora polo que non sería obxecto da súa afección.

A parcela atópase **dentro de zonas de afección de estradas** acorde á Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia.

A parcela atópase **dento das zonas de policía de augas**, acorde ao RD 849/1986, de 11 de Abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo RDL 1/2001, de 20 de Xullo.

A parcela atópase **fora da zona de servidume de protección de costa**, acorde á Lei 22/1988, de 28 de Xullo, de Costas.

A parcela atópase **fora das delimitacións de Rede Natura 2000 ZEC e ZEPVN**, Costa Ártabra.

A parcela atópase **dentro da planimetría da Concentración Parcelaria Cervo – Regoa** (data da eficacia do acordo de 22/07/1966) / **Esteiro – Piñeiro** (data da eficacia do acordo de 22/07/1966) / **Montoxo** (data da eficacia do acordo de 06/03/1973).

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

- **Clasificación urbanística:** Solo non urbanizable de núcleo rural. Tendo en conta que o PXOU de Cedeira é anterior á entrada en vigor da LSG e non se atopa adaptado á LOUGA, acorde á Disposición Transitoria Primeira, ao solo incluído nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, salvo no que se refire a edificacións tradicionais existentes, que se lle aplicará integramente o disposto no artigo 40 da LSG.
- **Cualificación urbanística:** Tradicional
- **Ordenanza aplicable:** NN



- **Finalidade da actuación:** licenza de edificación
- **Uso ao que se destinará:** vivenda unifamiliar
- **Tipo de obras:** obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
- **Categoría das obras:** actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación precisen de proxectos de obras de edificación.
- **Técnico autor do proxecto:** Arquitecto D^a. David Novo López, colexiado nº 4364 do COAG.
- **Director da obra:** --
- **Director de execución da obra:** --
- **Coordinador de Seguridade e saúde :--**
- **Situación e emprazamento das obras:** LUGAR CEDEIRA, A CORUÑA
- **Referencia catastral:**
- **Nome ou razón social do promotor:** D^a
- **Orzamento de execución material das obras:** 54.530,93€
- **Prazo máximo de inicio das obras:** 6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
- **Prazo máximo de interrupción das obras:** 6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
- **Prazo máximo de terminación das obras:** 36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
- **Prórrogas:** poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente.
- **Servizos urbanísticos:**

Rede eléctrica	No	Sen xustificar	
Abastecemento de auga	No	Sen xustificar	
Saneamento	No	Sen xustificar	
Acceso rodado	No	Sen xustificar	
Alumbrado público	No		

- **Altura, volumes e ocupación da parcela:**

Parámetro	Norma	Proxecto	Cumpre
Uso	Residencial (...)	Residencial	Si
Parcela mínima (m ²)	600	654	Si
Superficie cesión de viais (m ²)		96,75	Si
Servizos urbanísticos (acceso rodado, electricidade, abastecemento e saneamento)	Existentes	Existentes	Si
Recuamento a aliñacións		-	-
Recuamento a lindeiros	3	-	-
Ocupación máxima (%)	(50%).	44,16 m ²	Si
Edificabilidade máxima (m ² / m ²)	0,3	44,16m ²	Si
Número de plantas	PB +1+BCPA	PB	Si
Altura máxima (m)	6,50	-	
Altura máxima cumbreira (m)	4,00		Si
Fronte mínimo (m)	6		Si
Fondo máximo (m)	--	--	--



Ángulo máximo de cuberta (°)	30	-	-Si
------------------------------	----	---	-----

- **Adaptación ao entorno:**

Características tipolóxicas, estéticas, de materiais, cores, acabados acorde co paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento	Sen Xustificar		No
Cumprimento do art.91 da lei 2/2016, do solo de Galicia	Sen Xustificar		No
Cumprimento da guía de cores e materiais dade Galicia	Sen Xustificar		No

- **Normas de aplicación directa:** as edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

PRIMEIRA

A documentación presentada é un Proxecto Básico, sen visar. Acorde ao artigo 2 do Real Decreto 1000/2010, de 5 de Agosto, sobre visado colexial obrigatorio, non se trata dun documento de visado obrigatorio.

O Proxecto Básico é aquel que define de modo preciso as características xerais da obra mediante a adopción e xustificación de solución, e aínda, sendo insuficiente para levar a cabo a construción, o seu contido é suficiente para solicitar a licenza municipal e tamén as demais autorizacións administrativas que foran procedentes, licenza que deber ser consecuencia da adecuación do proxecto á norma urbanística.

Con todo, a eficacia do proxecto básico esgótase no acto de outorgamento ou concesión da licenza, na medida en que para poder iniciar as obras resulta preciso presentar o Proxecto de Execución, único que, previo visado colexial, autoriza a iniciar a execución de obras unha vez aprobado polo Concello e constatando que se axusta ao Proxecto Básico nos datos e antecedentes urbanísticos que aquel contiña e que determinaron a concesión da licenza.

O técnico redactor, logo da consulta realizada no Portelo Único do COAG, está actualmente colexiado co número 4364 do COAG e habilitado para o exercicio da profesión.

SEGUNDA

A cesión de terreo fora de aliñacións deberá ser previo á concesión de licenza e de carácter gratuito. O terreo correspondente deberá entregarse expedito e libre de cargas.

TERCEIRA

Acorde ao artigo 24 da LSG, para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e se execute a conexión coas redes de servizo existente no núcleo ou, de non existir resolveranse por medios individuais co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.



En calquera caso, a execución destes servizos / conexións poderán ser simultáneas á execución das obras.

CUARTA

A edificación pretendida e unha vivenda modular, a cal non responde as características tipolóxicas, materiais e construtivas propias dun núcleo tradicional rural, en relación coas edificacións máis significativas do propio núcleo.

Nos núcleos rurais tradicionais as edificacións deberán respetar as características propias da arquitectura tradicional do lugar. Art 210 Decreto 83/2018, de 26 de Xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico. As edificacións respetarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.

Preferentemente, as actuacións tomarán como referencia os criterios aportados pola Guía de color e materiais de Galicia.

CONCLUSIONES

Á vista do exposto, nas CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS (CUARTA) considérase que a actuación prevista é contraria ao ordenamento urbanístico e polo tanto infórmase **DESFAVORABLEMENTE**”

4.- Con data 07.07.2021 ditase providencia de Alcaldía concedendo trámite de audiencia ao interesado. Notifícaselle con data 8.07.2021.

5.- Con data 14.02.2024 ditase providencia de Alcaldía pola que se solicita a emisión de informe xurídico en varios expedientes.

6.- Con data 21.02.24 emite informe xurídico a técnico de administración xeral cuxo contido se reproduce nas consideracións xurídicas desta proposta de acordo e no que se conclúe que:

“Vista a documentación do expediente, en concreto, constando no mesmo informe técnico concluínte emitido polo arquitecto técnico municipal na data 22.03.2021 e tendo sido concedido trámite de audiencia ao interesado, considérase que o expediente se está tramitando de acordo co procedemento establecido na normativa de aplicación polo que, dende o punto de vista procedimental, se informa en sentido favorable; procede continuar coa tramitación do procedemento, debendo a Xunta de Goberno Local -como órgano competente- adoptar o pertinente acordo.

Advírtese que en cumprimento do previsto no art.88.6 da Lei 39/2015, para os efectos de que os informes técnicos e xurídico sirvan de motivación ao acordo municipal que se adopte, deben incorporarse ao texto do mesmo.

A maior abundamento advírtese que debe resolverse de xeito expreso o expediente 2022/U022/000004.”

7.- **EXPTE RELACIONADO** (na aplicación informática Tedec e no informe técnico) :

-Expte 2022/U022/000004, promovido a instancia de D^a no que se solicita
licenza para construción de vivenda unifamiliar aillada en e que se atopa en tramitación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS XERAIS:

Primeira.- Normativa xeral de aplicación:

- Artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



- Decreto 143/2016 de 22 de setembro, que aproba o regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- Ordenanza de regulación da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do concello de Cedeira (BOP 13.10.14).
- Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.
- RD 2568/86, de 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

O Planeamento Xeral transitoriamente vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira publicado no BOP de 14 de xuño de 1995, toda vez que o mesmo debe ser adaptado á Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia

Segunda.- A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ó control municipal dos actos de edificación e uso do solo tal e como se refire no art.142 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

As licencias se outorgaran de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan o ordenación territorial ou urbanística (art.143 .1 da Lei 2/2016).

Terceira.- Tal e como sinala o artigo 142.2 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que foran procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- “(…) a) Los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, con arreglo a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación.*
- b) Las intervenciones en inmuebles declarados bienes de interés cultural o catalogados por sus singulares características o valores culturales, históricos, artísticos, arquitectónicos o paisajísticos.*
- c) Las demoliciones, salvo las derivadas de resoluciones de expedientes de restauración de la legalidad urbanística.*
- d) Los muros de contención de tierras, según se establezca reglamentariamente.*
- e) Los grandes movimientos de tierras y las explanaciones.*
- f) Las parcelaciones, segregaciones u otros actos de división de terrenos en cualquier clase de suelo, cuando no formasen parte de un proyecto de reparcelación.*
- g) (suprimido pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas)*
- h) La implantación de cualquier instalación de uso residencial, ya sea provisional o permanente.*
- i) La tala de masas arbóreas o de vegetación arbustiva en terrenos incorporados a procesos de transformación urbanística y, en todo caso, cuando dicha tala se derivase de la legislación de protección del dominio público.*
- (…)”*

Cuarta.- Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público esixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ó órgano competente outorgar a licenza e ó particular obter o título habilitante (art.144.1 da Lei 2/16).

Non poderá concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais de outras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.(art. 144.4 da lei 2/16) .

Non suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente ou cando fora negativa ou se tiveran incumplido as medidas correctoras determinadas na mesma (art.144. 3 da Lei 2/16).



Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade ,consignarase expresamente esta circunstancia (art.144.2 da Lei 2/16).

Quinta.-No solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou autorización autonómica nos casos en que esta fose preceptiva segundo o disposto no art.36 da Lei 2/16 .

Sexta.- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística se atopa recollido no art.143 da Lei 2/2016 do seguinte xeito:

1(...)

2. *La competencia para otorgar las licencias corresponde a los municipios, según el procedimiento previsto en la legislación de régimen local. Las peticiones de licencia se resolverán en el plazo de tres meses, a contar desde la presentación de la solicitud con la documentación completa en el registro del ayuntamiento.*

Para el otorgamiento de la licencia solicitada serán preceptivos los informes técnicos y jurídicos municipales sobre su conformidad con la legalidad urbanística.

3. *Las solicitudes de licencias que se refieran a la ejecución de obras o instalaciones habrán de acompañarse de proyecto completo redactado por técnico competente, en la forma y con el contenido que se determine reglamentariamente.*

Una vez presentado ante el ayuntamiento, el proyecto adquiere el carácter de documento público, respondiendo su autor de la exactitud y veracidad de los datos técnicos consignados en el mismo.

4. (Suprimido pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas)

Sétima.-Segundo o art 21.1.q da Lei 7/85 o Alcalde é o competente para conceder licenzas urbanísticas salvo os casos exceptuados pola lexislación. Por resolución de Alcaldía de data 10.07.23 (nº 345/2023) se delega a competencia na Xunta de Goberno Local.

Oitava.- O outorgamento de licenzas urbanísticas ten carácter regrado debendo examinarse se o acto proxectado é conforme á lexislación e ó planeamento urbanístico en cuxo caso concederese, procedendo á denegación da licenza en caso de disconformidade.

En calquera caso as licenzas se entenderán outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e produciran efectos entre a corporación e o suxeito a cuxa actividade refiranse pero non alteraran as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

Así mesmo a concesión da licenza por parte da Administración municipal non exime ó seu titular da obtención doutras autorizacións a que haxa lugar segundo a normativa sectorial vixente.

Así mesmo, concedida a licenza, se selarán e se dilixenciarán os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

Novena.- Con carácter xeral o procedemento aplicable en materia de expedientes de licenza de obras é o procedemento administrativo común, que con carácter xeral se atopa recollido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas), coas precisións establecidas de xeito xeral na lexislación de réxime local e no seu caso pola normativa sectorial reguladora de cada concreto tipo de licenza;.

II.- CONSIDERACIONES XURÍDICAS PARTICULARES:

Décima.- 10.1.- En relación coa cuestión da representación, neste expediente D. solicita licenza de edificación manifestando actuar en representación

Consta incorporado ao expediente autorización de representación de D^a

(con sinatura manuscrita) a favor de D.

-obrando en poder desta

Administración copia do DNI da outorgante-, dando cumprimento así ao previsto no art.5 da Lei 39/2015.



10.2.- Con carácter xeral o informe técnico municipal é o determinante no procedemento de concesión de licenzas, dado que segundo o previsto no art. 143.2 da Lei 2/2016 debe de ter por finalidade a verificación motivada de se a licenza solicitada se axusta á ordenación urbanística aplicable de aí que a motivación/conclusión que no informe técnico se conteña debe de ser a determinante, e servir de fundamento, para a concesión/denegación da licenza. Neste expediente consta ao respecto informe técnico concluínte emitido polo arquitecto técnico municipal en sentido desfavorable na data 22.03.2021 (antecedente de feito (A.F) nº 3).

Para os efectos de poder avanzar na tramitación deste expediente e adoptar un acordo que garanta o cumprimento dos principios procedimentais básicos, cómpre verificar de xeito previo os seguintes extremos procedimentais:

A).– Considerando que a motivación que no informe técnico se conteña debe servir de fundamento ao acordo que se adopte, neste expediente o informe técnico concluínte emítese en sentido desfavorable na data 22.3.2021 dado que a actuación pretendida é contraria ao ordenamento urbanístico; á vista do contido do informe técnico - transcrito no A.F nº 3- cómpre salientar a verificación, nas consideracións urbanísticas, de que a obra proxectada non se adapta ao entorno, incidindo na consideración técnica cuarta do informe municipal que a edificación pretendida é unha vivenda modular que non responde ás características tipolóxicas, materiais e construtivas propias dun núcleo tradicional rural, en relación coas edificacións mais significativas do propio núcleo. Incide o técnico municipal que nos núcleos rurais tradicionais as edificacións deberán respectar as características propias da arquitectura tradicional do lugar (art.210 do Decreto 83/2018 de 26 de xullo polo que se aproba o Plan Básico Autonómico).

B).– Por último, sendo emitido informe técnico desfavorable, verifícase neste procedemento a concesión do trámite de audiencia (A.F nº 4) que se notifica en data 8.07.21, dando así cumprimento ao previsto no art.82 da Lei 39/2015.

Non se ten constancia de que se teñan presentado alegacións ao respecto.

Polo exposto, con base no informe técnico do arquitecto técnico municipal de data 22.03.2021 e no informe xurídico da técnico de administración xeral de data 21.02.2024, transcritos nos antecedentes de feito cuxos contidos se incorporan ao texto da presente proposta en cumprimento do previsto no artigo 88.6 da lei 39/2015 co fin de servir de motivación da mesma, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Denegar a licenza de edificación solicitada por D^a para construción de vivenda unifamiliar illada no Lugar (ref. catastral
2. Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2021/U022/000020 (PROXECTO EXECUCIÓN)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.02.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 01.03.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2021/U022/000020 (PROXECTO EXECUCIÓN)



OBXECTO:	CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR
PROMOTOR/A:	
<u>CONSIDERACIONS URBANISTICAS:</u>	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto execución, con data de visado 15/02/2024, redactado por: Manuel Varela Caabeiro, Arquitecto Colexiado COAG 2117.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.10.2023, notificado con data 03.11.2023, polo que se concede licenza de edificación a para construción de vivenda unifamiliar en lugar Vilacacín, coas seguintes condicións particulares citadas no informe técnico de data 11.10.2023:

- “- A documentación aportada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución.
- Cumprirse o condicionado das administracións con competencia sectorial.
- A parcela non dispón de redes de servizo de abastecemento de Augas, polo que se resolve por medios individuais ao cargo do promotor/a, coa condición do compromiso de conexión cando se implanten os servizos.”

Vista a documentación presentada por en representación de

Visto o informe técnico do arquitecto técnico municipal de data 27.02.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO:**

1º) Dar por cumprida a condición particular imposta na licenza de edificación concedida por acordo da Xunta De Goberno Local de data 27.10.2023, no relativo á presentación do proxecto de execución, e en consecuencia, sendo suficiente para iniciar as obras.

2º) As obras executaranse de acordo cos proxectos autorizados no expediente.

3º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO 2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.02.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO 2024.



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xaneiro 2024 que empeza por cun importe de 136,32 € e finaliza con cun importe de 81,84 € e se compón de 43 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.555,76 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de xaneiro 2024 que empeza por DNI: cun importe de 41,40 € e finaliza con cun importe de 32,40 € e se compón de 7 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 390,42 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBOS. EXP: 2024/G006/000043

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 22.02.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBOS. EXP: 2024/G006/000043

Solicitud: 20230000003532 (27.10.2023)

Solicitante:

Expediente: 2024/G006/000043



ANTECEDENTES

Datos identificativos

Nº Fijo: 253000647450 e 253000647446

Enderezo:

Referencia catastral:

Primeiro. presenta solicitude de anulación dos recibos sinalados para o exercicio 2023 e a tramitación da baixa no padrón da taxa de recollida de residuos do inmovible de referencia, por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 037 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de
Data de baixa: 23.11.2020

Segundo. Consta informe da policía local de data 21/02/2024 que conclúe:

“...Corrobórase por parte de esta Policía Local que dende a data 23.11.2020 na Avenida non hai ningunha actividade comercial. Anteriormente a esta data, exercía actividade o negocio “Hostal Avenida” nesta dirección...”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.



II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

III. De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce dende o 23.11.2020 ata a actualidade, polo que procede a baixa no padrón da taxa de recollida de residuos e a anulación dos recibos indicados.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000647450, 253000647446
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647450	20233515022RL01R004267				2023	364,98 €
253000647446	20233515022RL01R004266				2023	133,35 €

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000049

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 22.02.2024, que literalmente di:



“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2024/G006/000049

Solicitude: 20240000000484 (12/02/2024)

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo: AV

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000643392

Primeiro. Se presenta solicitude por _____ para a anulación do recibo da taxa pola recollida de residuos correspondente ao exercicio 2023 por venda do inmovible en febreiro de 2022.

A estes efectos achega copia da escritura de compravenda do inmovible de data 24 de febreiro de 2022.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis así como os do recibo correspondente ao exercicio 2023 mencionado na solicitude que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación



Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscrición e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para o exercizo 2023 non coinciden cos anteriores, figurando como suxeito pasivo e contribuínte o solicitante.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000643392	20233515022RL01R000646				2023	71,50 €

Por todo o exposto, PROPOÑÓ á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000643392	20233515022RL01R000646				2023	71,50 €

SEGUNDO. Aprobar a seguinte liquidación:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000643392	20233515022RL01R000646				2023	65,00 €



TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS POR DUPLICIDADE DE RECIBOS. EXP: 2024/G006/000057

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 22.02.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS POR DUPLICIDADE DE RECIBOS. EXP: 2024/G006/000057

Expediente: 2024/G006/000057

Solicitude: 202499900000276 (07.02.2024)

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo: CM

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 25300072382, 253000723827

Primeiro. Se presenta solicitude indicando duplicidade de recibos con cota correspondente ao epígrafe 1.1 “viviendas recollida en zona urbana” 65,00€ (artigo 5.2 da Ordenanza): recibos con números 253000723827 e 25300072382.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos dos recibos que constan no SIXT.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada



definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

O solicitante afirma que soamente conta con unha propiedade no Concello de Cedeira.

Compróbase que os dous recibos emitidos a nome do solicitante comparten a mesma referencia catastral e tributan pola tarifa 1.1 correspondente a vivendas en zona urbana.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercizo 2023 (recibo non prescritos) por duplicidade. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
25300072382	20238D15022RL01R003629				2023	78,71 €

Por último procede a baixa no Padrón do recibo.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por duplicidade:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
25300072382	20238D15022RL01R003629				2023	78,71 €



SEGUNDO. Aprobar a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte recibo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	25300072382
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar estes acordos ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBO. EXP. 2024/G006/000058

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 22.02.2024, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBO. EXP. 2024/G006/000058

Solicitud: 202300000003532 (27/10/2023)

Solicitante:

Expediente: 2024/G006/000058

ANTECEDENTES

Datos identificativos:

Nº FIXO: 253000647450, 253000647446 e 543000753016

Enderezo:

Primeiro. presenta solicitude de baixa dos recibos sinalados para o exercicio 2023 por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 037 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de Data de baixa: 23.11.2020



Segundo. Consta informe da policía local de data 21/02/2024 que conclúe: “...Corrobórase por parte de esta Policía Local que dende a data 23.11.2020 na Avenida non hai ningunha actividade comercial. Anteriormente a esta data, exercía actividade o negocio “Hostal Avenida” nesta dirección...”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se teñen interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.3 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito impoñible da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, mostradores e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa durante os meses de xuño a setembro, ambos inclusives.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7: “A taxa devindicarase entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de cada exercicio.”

II.C. O artigo 5.3 dispón que: “A contía da taxa regulada na presente Ordenanza calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos por mesa e período.”

III. Dado que se fai comprobación de que non existe ningún tipo de actividade comercial en Avenida dende o 23.11.2020, procede a baixa do recibo 2023 e a correspondente baixa no Padrón Fiscal da taxa pola instalación de mesas e cadeiras.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola instalación de mesas e cadeiras do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
REFERENCIA CATASTRAL	
Nº MATRICULA	543000753016



ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
543000753016	20233515022ME01 R000013				2023	42,00 €

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA, CON NIF G15936719 PARA O ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 28.02.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000028

Asunto: Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a ASOCIACION ECUESTRE A CRINA, con NIF G15936719 para o ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 19 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación ecuestre a Crina, con NIF G15936719 para o ano 2023. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 28 de febreiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Ecuestre a Crina, con NIF G15936719 para o ano 2023.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, tendo en conta que os gastos efectuados non xustifican a totalidade da subvención percibida, polo que o importe a aboar é de 607,87 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).



TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por catro (4) votos a favor e unha (1) abstención do Sr. Durán Bereijo accorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIEIRA, CON NIF G15376692 PARA O ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 28.02.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000044

Asunto: Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, con NIF G15376692 para o ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 31 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, con NIF G15376692 para o ano 2023. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Vista a documentación xustificativa de verificación da subvención, os gastos efectuados non xustifican a totalidade do anticipo da subvención percibida, polo que haberá que devolver a diferenza resultante.

Visto o informe favorable de Intervención de data 28 de febreiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar os gastos efectuados para a xustificación de parte da subvención percibida pola Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieira, con NIF G15376692 para o ano 2023, tendo en conta que os gastos efectuados non xustifican a totalidade do anticipo da subvención percibida.

SEGUNDO. Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada e non xustificada segundo o seguinte detalle:

IMPORTE SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE XUSTIFICADO POLA ASOCIACIÓN	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN
10.000,00 €	7.000,00 €	5.967,64 €	1.032,36 €
TOTAL			1.032,36 €

IBAN do Concello: ES 15 2080 5196 2931 1000 0027

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:



Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320230000481	SIA	01/01/2024	20510	3.000,00€

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ANPA PICAPEIXE DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO, CON NIF G15043193 PARA O ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 28.02.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000055

Asunto: Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a ANPA PICAPEIXE do CEIP NICOLÁS DEL RÍO, con NIF G15043193 para o ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 19 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación de Nais e Pais do Ceip Nicolás del Río, con NIF G15043193 para o ano 2023. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita Anpa.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 28 de febreiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación de Nais e Pais do Ceip Nicolás del Río, con NIF G15043193 para o ano 2023

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, tendo en conta que os gastos efectuados non xustifican a totalidade da subvención percibida, polo que o importe a aboar é de 2.832,05 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. CONCESIÓN TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.02.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONCESIÓN TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Expte.: 2021/C003/000002

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.05.2023 foi adxudicada a obra denominada “Ampliación do saneamento en As Pontigas” a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. O contrato administrativo formalizouse con data 16.06.2023.

Con data 27.06.2023 formalizouse a Acta de comprobación do replanteo.

O prazo de execución deste contrato é de 4 meses, polo que debería finalizar a obra o día 27.10.2023.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.01.2024 foi concedida unha segunda prórroga do prazo de execución do contrato, polo que a finalización do mesmo tería a data límite do 27.02.2024.

Con data 08.02.2024 (R.E. 2024/999/288) o adxudicatario presenta unha terceira solicitude de prórroga de dous (2) meses do prazo de execución do contrato.

Con data 09.02.2024 (R.E. 2024/999/294) o director de obra emite un informe favorable á concesión desta prórroga, ao considerala xustificada en base aos seguintes argumentos:

“(…) O motivo alegado polo contratista para a solicitude desta terceira prórroga de 2 meses é unha vez máis a paralización temporal das obras no entorno da estrada DP-2206 da Deputación da Coruña, xa que a día de hoxe por distintos motivos aínda non foi posible concertar unha reunión a pé de obra para tratar de atopar unha solución técnica e economicamente viable que permita adaptarse ás esixencias da Deputación da Coruña á hora de traballar no entorno desta estrada.”

Con data 22.02.2024 emitíuse un informe favorable de Secretaría.

Con data 22.02.2024 emitíuse un informe favorable de Intervención.

Polo tanto, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Conceder unha terceira prórroga para a execución do contrato denominado “Ampliación do saneamento en As Pontigas” de **DOUS (2) MESES**.
- 2.- Deberáse recepciónar este contrato como data límite o día 27.04.2024.
- 3.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e á dirección de obra.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN. POS+ADIC 2/2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 29.02.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN. POS+ADIC 2/2023

Nº Expediente: 2023/C003/000004

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN" , segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa en xaneiro de 2023, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 59.997,96 € IVE incluído.

Este proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2023), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 13.02.2023.

A actuación que se pretende é a reparación e/ou substitución dos elementos necesarios para a súa posta en marcha e correcto funcionamento das instalacións existentes na Estación Depuradora de Augas Residuais de San Román. A finalidade última é o cumprimento dos límites de verquidos establecidos na AV da EDAR, evitando así o impacto ecolóxico das augas residuais sobre o medio receptor.

Constan no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2023/C003/000004

- Proxecto técnico de xaneiro de 2023, redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 59.997,96 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 02.02.2023.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 02.02.2023 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria acetal. do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 27.02.2024 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 27.02.2024.
- Providencia da Alcaldía de data 28.02.2024 proponendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 28.02.2024
- Informe xurídico favorable, de data 29.02.2024.
- Informe de fiscalización favorable, de data 29.02.2024

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado **abreviado**, para o proxecto denominado “REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN”.
2. Autorizar, en contía de 59.997,96 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN” por procedemento aberto simplificado **abreviado** e asinado pola Alcaldía con data 27.02.2024.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 85/2024 DE 15.02.2024 - SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA -CT235A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 85/2024 de data 15.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA -CT235A

Vista a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia para o ano 2024.

Considerando que no artigo 30 se establece que a contía do importe dos fondos bibliográficos a que accede o concello en función do número de habitantes correspondente ao ano 2022, con cargo á subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, é dun máximo de 1.500 euros o artigo 35 establece para a mellora das coleccións bibliográficas un máximo de 2.000 euros.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.



Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia para o ano 2024.

Terceiro.- Manifestar que a representación do Concello para asinar dita solicitude corresponde ao Alcalde-Presidente do mesmo, cargo desempeñado a día de hoxe por D. Pablo Diego Moreda Gil.

Cuarto.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita convocatoria.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 97/2024 DE 23.02.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DENTRO DA LIÑA APROL RURAL 2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 97/2024 de data 23.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DENTRO DA LIÑA APROL RURAL 2024

Vista Orde do 26 de decembro de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o exercicio do ano 2024, publicada no DOGA nº 17 o día 24/01/2024.

Resultando que a duración dos contratos e a xornada laboral segundo o artigo 4 deberá ser de 9 meses a tempo completo, debendo ser persoal contratado para tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal.

Visto que no artigo cinco da devandita Orde se establece que a contía da subvención será a necesaria para sufragar os custos salariais totais incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, cos máximos establecidos no mesmo.

Visto que no artigo 5.2 da devandita Orde se establece que non se consideran custos salariais elixibles o importe da indemnización prevista polo artigo 49º.1 c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Tendo en conta que no artigo 8.1.b) da referida Orde establece que entre a documentación a presentar xunto coa solicitude de subvención deberase remitir certificado no que consten, entre outros, os seguintes extremos:

- La representación que desempeña la persona que firma solicitude
- A aprobación da solicitude de subvención.
- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas polo concello.
- As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial de convenio colectivo que resulte de aplicación, xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.



Visto Informe de Intervención municipal de existencia de financiamento suficiente de data 23/02/2024.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o exercicio do ano 2024, nos seguintes termos:

nº trab.	Grup o cotiz.	ocupación	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Total custo traballador 9 meses	Custo 2 traballadores
2	10	Peóns de limpeza de montes	1.501,46	38,30%	575,06	2.076,52	18.688,68€	37.377,36€
Custos salariais totais para 2 traballadores								37.377,36€

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 98/2024 DE 23.02.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 98/2024 de data 23.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2024

Vista Orden de 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F).

Visto que no artigo 2.4 da referida Orde se establece que se asignará a cada entidade solicitante unha axuda inicial equivalente ás contratacións que lle correspondan en función do número de persoas perceptoras da Risga, correspondéndolle a este concello ata 5 contratacións, sen prexuízo de calquera sobranse de crédito que poida producirse tras as resolucións de concesión.

Visto que, no artigo 4.2 da referida Orde se establece que a xornada de traballo será subvencionada como máximo do 75% e, en ningún caso inferior ao 50%.



Tendo en conta que para os efectos destas subvencións, non se considera custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Visto que no artigo 13 establece, entre outros, como requisito de contratación que o periodo de contratación subvencionable será de 9 meses.

Tendo en conta que no artigo 6.1.a) da referida Orde establécese que entre a documentación a presentar xunto coa solicitude de subvención deberase remitir certificado no que consten, entre outros, os seguintes extremos:

- A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas polo concello.
- As retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia da publicación oficial de convenio colectivo que resulte de aplicación, xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

Visto o informe de retención de crédito da intervención municipal de data 23/02/2024

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Aprobar o proxecto de obra ou servizo, denominado MANTENIMENTO E REVALORIZACIÓN DE ZONAS PÚBLICAS

Terceiro.- Solicitar subvención á Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 para o servizo MANTENIMENTO E REVALORIZACIÓN DE ZONAS PÚBLICAS. Para a contratación dos seguintes postos de traballo durante **9 meses ao 75% da xornada**

nº trab.	ocupación	Grupo cotiz.	Código CNAE	Xornada	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Total custo 9 meses	Total custo x nº traballadores
3	Peóns	10	8411D)	75%	1.126,10	38,30%	431,30	1.557,4€	14.016,6€	42.049,8€
2	Limpador/a	10	8411H)	75%	1.126,10	35,20%	396,39	1.522,49€	13.702,41	27.404,82€
Custos salariais totais										69.454,62€

Cuarto.- Según o disposto no artigo 6.3, a disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas pola entidade local.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 99/2024 DE 23.02.2024 - ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS EN RÚAS VIVEIRO E CERDIDO”



Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 99/2024 de data 23.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS EN RÚAS VIVEIRO E CERDIDO”

Nº Expediente: 2022/C003/000003

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 19-01-2024, foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Melloras do firme e da rede de pluviais en rúas Viveiro e Cerdido”, por procedemento aberto simplificado **abreviado**, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 22.01.2024 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíuse unicamente a seguinte proposición:

Nº OFERTA	LICITADOR	CIF
1	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.	B70331129

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 7 e 13 de febreiro de 2024 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando admitida a única empresa presentada, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A única oferta presentada é a seguinte:

Licitador	Oferta económica (Sin IVA) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres fixas
CONSTRUCC. FEGO ATLÁNTICO, S.L.	34.370,76	26	26	2

3.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Oferta anormal	% fixos plantilla	Puntos fixos plantilla	% mulleres fixas	Puntos mulleres fixas	Puntuación total
CONSTRUCC. FEGO ATLÁNTICO, S.L.	3,25	non	100	15	7,69	3,85	22,10

4.- A oferta presentada pola empresa “CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO S.L.” é correcta e resulta válida. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a



oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

5.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

Requirir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.

- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Melloras do firme e da rede de pluviais nas rúas Viveiro e Cerdido” a favor do seguinte licitador :

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. CIF: B32108334
Importe:	34.370,76 € + 7.217,86 € (IVE). TOTAL: 41.588,62 €
Prazo de execución:	2 meses

Con data 14.02.2024 a empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo na mesma data o xustificante do depósito da garantía definitiva por importe de 1.718,54 € mediante transferencia bancaria á conta núm. ES152080519629311000027 do Concello de Cedeira.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 22.02.2024 emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2.- Adjudicar o contrato de obra denominado “Melloras do firme e da rede de pluviais en rúas Viveiro e Cerdido” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. / CIF: B32108334
Importe:	34.370,76 € + 7.217,86 € (IVE). TOTAL: 41.588,62 €
Prazo de execución:	2 meses

3.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

4.- Notificar a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L., adxudicatario da obra “Melloras do firme e da rede de pluviais nas rúas Viveiro e Cerdido” o presente acordo.



5.- Enviar ao adxudicatario esta Resolución de adxudicación de contrato, solicitando a súa devolución asinada dixitalmente en proba de conformidade.

6.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

9.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 100/2024 DE 23.02.2024 - ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARIA MEDIADORA”

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 100/2024 de data 23.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA”

Nº Expediente: 2022/C003/000004

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 19-01-2024, foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Melloras do firme e da rede de saneamento na rúa María Mediadora”, por procedemento aberto simplificado **abreviado**, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 22.01.2024 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíuse unicamente a seguinte proposición:

Nº OFERTA	LICITADOR	CIF
1	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L.	B70331129

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 7 e 13 de febreiro de 2024 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando admitida a única empresa presentada, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A única oferta presentada é a seguinte:



Licitador	Oferta económica (Sin IVA) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº de Mulleres fixas
CONSTRUCC. FEGO ATLÁNTICO, S.L.	55.720,82	26	26	2

3.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Oferta anormal	% fixos plantilla	Puntos fixos plantilla	% mulleres fixas	Puntos mulleres fixas	Puntuación total
CONSTRUCC. FEGO ATLÁNTICO, S.L.	2,31	non	100	15	7,69	3,85	21,16

4.- A oferta presentada pola empresa “CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO S.L.” é correcta e resulta válida. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

5.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

Requirir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.

5. Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Melloras do firme e da rede de saneamento na rúa María Mediadora” a favor do seguinte licitador :

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. CIF: B32108334
Importe:	55.720,82 € + 11.701,37 € (IVE). TOTAL: 67.422,19 €
Prazo de execución:	3 meses

Con data 14.02.2024 a empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo na mesma data o xustificante do depósito da garantía definitiva por importe de 2.786,04 € mediante transferencia bancaria á conta núm. ES1520805196293110000027 do Concello de Cedeira.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 22.02.2024 emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**



1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Melloras do firme e da rede de saneamento na rúa María Mediadora” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. / CIF: B32108334
Importe:	55.720,82 € + 11.701,37 € (IVE). TOTAL: 67.422,19 €
Prazo de execución:	3 meses

3.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

4.- Notificar a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L., adxudicatario da obra “Melloras do firme e da rede de saneamento na rúa María Mediadora” o presente acordo.

5.- Enviar ao adxudicatario esta Resolución de adxudicación de contrato, solicitando a súa devolución asinada dixitalmente en proba de conformidade.

6.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

9.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

19. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 101/2024 DE 23.02.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIIS - CT211B

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 101/2024 de data 23.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIIS (CT211B)

Vista a Orde do 22 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora



das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Considerando que no artigo 4.3 se establece que a axuda máxima será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 90% do orzamento total do proxecto subvencionable.

Tendo en conta que o artigo 9 a)1 da referida Orde establece que entre a documentación a presentar xunto coa solicitude deberá achegarse certificado do órgano competente en que se faga constar que a corporación local ou as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia se comprometen a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.

Visto que nas bases da convocatoria establece que na certificación do acordo polo que se resolve solicitar a subvención, debe resolver tamén aceptar as condicións e requisitos da orde de convocatoria e demais normativa aplicable e comprometerse a aportar a cofinanciación que se sinala.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria de axudas da referida Orde Orde do 22 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a realización do proxecto denominado “ADQUISICIÓN DO MATERIAL DE ILUMINACIÓN E SON PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DE CEDEIRA”, sendo o importe total ive engadido de 23.862,94 euros. O importe solicitado é de 11.692,84€ (ive engadido), sendo a aportación municipal 12.170,10 € (un 51% do total do orzamento)

Terceiro.- Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde de convocatoria e demais normativa aplicable.

Cuarto.- O compromiso de aportar a parte non subvencionada que, no caso de concesión do 49% do orzamento presentado, segundo a documentación presentada coa solicitude.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

20. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 102/2024 DE 26.02.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024- 2025, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL FEADER AO ABEIRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PDR 2014-2020, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO - PROCEDEMENTO MR701E

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 102/2024 de data 26.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA



SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024-2025, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) AO ABEIRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) 2014-2020, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO - PROCEDEMENTO MR701E

Vista a Resolución do 19 de decembro de 2023 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), publicada no DOGA número 18 de 25 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á participación neste plan de mellora de camiños.

Visto o proxecto coa denominación “Mellora da capa de rodadura de Camiños municipais do Concello de Cedeira” cun orzamento sen IVE de 64.170,72€, B.I. e Gastos Xerais incluídos e un custo de control de calidade de 630€ sen IVE.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria do referido Plan de mellora de camiños municipais 2024-2025 ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 para a realización do proxecto “Mellora da capa de rodadura de Camiños municipais do Concello de Cedeira” cun orzamento sen IVE de 64.170,72€, B.I. e Gastos Xerais incluídos e de 77.646,57€ con IVE incluído e un custo de control de calidade de 630€ sen IVE.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

21. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NUM. 103/2024 DE 26.02.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O "SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE CEDEIRA" AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO ENCAMIÑADAS Á ELABORACIÓN DE PLANS DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA-PROCEDEMENTO AU301C

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 103/2024 de data 26.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O “SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA,



DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO ENCAMIÑADAS Á ELABORACIÓN DE PLANS DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA- PROCEDEMENTO AU301C

Vista a RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, publicada no DOGA número 19 de 26 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que debe certificarse que existe acordo do concello polo cal se solicita a subvención e se aceptan as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Visto o proxecto realizado pola empresa VIAQUA coa denominación “**SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 6.782,23 € e 8.206,50 € con IVE incluído.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 para a realización do proxecto “**SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 6.782,23 € e 8.206,50 € con IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

22. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 104/2024 DE 26.02.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 104/2024 de data 26.02.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2024



Vista a Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Considerando que en relación a subvención en concorrencia non competitiva establécese para este Concello a seguinte subvención, segundo o Anexo V:

Importe máximo subvención de 88.352 €.

Tendo en conta os equipamentos para os que se solicita subvención e os gastos en relación ós custos de persoal para gastos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural.

RESOLVO:

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, para “Actuacións de mellora e de protección do ambiente e do espazo natural” coas seguintes actuacións:

1ª.- Mellora e integración paisaxística dos espazos verdes da Oficina de Turismo do Concello de Cedeira (A Coruña)- Esta actuación irá encamiñada a actuacións necesarias para a mellora e integración paisaxística dos espazos verdes da oficina de turismo do Concello de Cedeira.

Descrición	Importe
Orzamento de execución material	31.248,50 €
Gastos xerais 13%	4.062,31€
Beneficio Industrial 6%	1.874,91€
SUMA	37.185,72€
21% IVA	7.809,00€
TOTAL:	44.994,72€

2ª.- “Subministro de 30 papeleiras para os espazos verdes da Oficina de Turismo do Concello de Cedeira (A Coruña)”- Para completar a mellora ambiental desa superficie mercaranse 30 papeleiras que substitúan ás existenetes que se atopan nun estado de deterioro importante:

Descrición	Importe
PAPELERA SCUDERIA 60L FABRICADA EN POLIETILENO DE ALTA DENSIDAD. MEDIDAS: 830 MM ALTO -380 MM DIÁMETRO. 3,9 KG PESO	1.800€



IVE 378€

TOTAL: 2.178€

2ª.- Contratación de persoal para gastos de funcionamento dos servizos municipais adicados á protección do medio ambiente e do espazo natural:

nº trab.	Grupo cotiz.	ocupación	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo mensual	Indem. Fin contrato	Total custo traballador
5	10	Peóns	1.501,46	38,30%	575,06	2.076,52	207,66	6.437,22€
Custos salariais totais para 5 PEÓNS								32.186,1€
1	2	Técnico Medio Ambiente	2.123,39	32,70%	694,35	2.817,74	281,76	9.298,5€
Custos salariais totais para 1 TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE								9.298,5€

Importe total das actuacións do proxecto 88.657,32€

Terceiro.- Según o disposto no artigo 19.1.b)1 da Orde, aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

23. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

23.1 LICENZA MURO DE CONTENCIÓN 2023/U024/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.03.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 01.03.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA MURO DE CONTENCIÓN 2023/U024/000001

OBXECTO:	Construción de muro de contención
PROMOTORA:	
CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS:	
CLASIFICACIÓN :	Solo de núcleo rural
CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo non urbanizable de núcleo rural
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	1.750 €



ICIO PAGADO:	49,00 €
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto técnico modificado. Muro de contención Data documento: Xaneiro 2024
DIRECTOR DA OBRA: COORDINADOR DE SE Y SA:	Ignacio Pita Graña, Arquitecto Colexiado COAG 4.266
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO:	Condicións xerais das licenzas: XGL 03/07/2020

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal en data 16.02.2024.
- Visto o informe xurídico emitida pola Técnico de Administración Xeral de data 29.02.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal para o muro de contención solicitada.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

4º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

5º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ